

**ROGO DE AER SOBRE O PAGO DE FACTURAS CON FISCALIDADE DESFAVORABLE:**

PLENO 28 ABRIL 2016. ACTA 0006/2016

“Sobre o pago de facturas con fiscalidade desfavorable. Vendo a cantidade de facturas aprobadas por “Resolución de Alcaldía” a pesares de contar con fiscalización “desfavorable” por parte do servizo técnico de intervención. Tendo en conta que ditos informes chegan ó noso coñecemento co informe trimestral de execución do orzamento, agás solicitude expresa. Considerando o compromiso xeral coa transparencia das actividades económicas do Concello e esperando non ter que recorrer a outros trámites plenarios;

**ROGAMOS que sexan publicados simultaneamente coas resolucións os informes desfavorables de intervención, sexan de facturas, contratacións, etc. Esperando o seu compromiso neste mesmo pleno, agradecemos a súa consideración.”**